

# A balada de Mary Hynes en clave galego-irlandesa: Luz Pozo Garza e W. B. Yeats

*The ballad of Mary Hynes. A perspective from Galician and Irish literatures: Luz Pozo Garza and W. B. Yeat*

**María Jesús PIÑEIRO DOMÍNGUEZ**

Universidade da Coruña

mjepineiro@yahoo.es

[Recibido, decembro 2008; aceptado, xaneiro, 2009]

## RESUMO

A historia de Mary Hynes, unha moza irlandesa de beleza incomparable, popularizada polo bardo Raftery, é o noso pretexto para irmandar dúas versións desta balada: a de William Butler Yeats e a de Luz Pozo Garza, dous mestres da literatura atlántica europea que trazan unha ponte literaria galego-irlandesa que transcende o tempo e o espazo.

**PALABRAS CHAVE:** Mary Hynes, Raftery, W. B. Yeats, Luz Pozo Garza, baladas irlandesas, cultura atlántica europea.

PIÑEIRO DOMÍNGUEZ, M. J., (2009): "A balada de Mary Hynes en clave galego-irlandesa: Luz Pozo Garza e W. B. Yeats". *Madrygal (Madr.)*, 12: 91-97.

## RESUMEN

La historia de Mary Hynes, una joven irlandesa de belleza incomparable, popularizada por el bardo Raftery, nos sirve de pretexto para hermanar dos versiones de esta balada: la de William Butler Yeats y la de Luz Pozo Garza, dos maestros de la literatura atlántica europea que trazan un puente literario gallego-irlandés que trasciende el tiempo y el espacio.

**PALABRAS CLAVE:** Mary Hynes, Raftery, W. B. Yeats, Luz Pozo Garza, baladas irlandesas, cultura atlántica europea.

Piñeiro Domínguez, M. J., (2009): "La balada de Mary Hynes en clave gallego-irlandesa: Luz Pozo Garza y W. B. Yeats". *Madrygal (Madr.)*, 12: 91-97.

## ABSTRACT

We have chosen the story of Mary Hynes, an Irish girl of incomparable beauty that Raftery made popular, to bring close together two versions of this ballad: William Butler Yeats's and Luz Pozo Garza's. We prove thus how both writers promote the Atlantic European literature and build literary bridges between Galicia and Ireland that go beyond time and space.

**KEY WORDS:** Mary Hynes, Raftery, W. B. Yeats, Luz Pozo Garza, Irish ballads, Atlantic European culture.

Piñeiro Domínguez, M. J., (2009): "The ballad of Mary Hynes. A perspective from Galician and Irish literatures: Luz Pozo Garza and W. B. Yeats". *Madrygal (Madr.)*, 12: 91-97.

**SUMARIO:** 1. Introducción: a orixe da lenda. 2. Traxectoria da balada: oralidade e escritura. 3. A canción de Raftery. 4. A Mary Hynes de William Butler Yeats. 5. A Mary Hynes de Luz Pozo Garza. 6. Conclusións. 7. Referencias bibliográficas.

## 1. INTRODUCCIÓN: A ORIXE DA LENDA

Situamos os inicios deste estudo no descubrimento da figura de Mary Hynes a través do poemario *As arpas de Iwerddon* (2005), da escritora ribadense Luz Pozo Garza (1922). Nesta escolma de poemas escritos en homenaxe á illa de Irlanda, e que reborda referencias célticas, hai un apartado de poemas titulado “Algún cisne”, no que non só coñecemos a historia trágica dunha moza senón a súa orixe literaria, da man do escritor irlandés William Butler Yeats (1865-1939) na obra citada pola escritora *El Crepúsculo Celta* (2007). Ambos autores adoitan practicar a intertextualidade como xeito de enriquecemento persoal e literario, e así, ao remitirnos ao libro de Yeats mencionado por Luz Pozo, atopamos unha referencia á fonte na que el mesmo inspira o seu relato. Trátase do que foi coñecido como o derradeiro “bardo vagabundo” do século XIX, Anthony Raftery (Antoine Ó Raifteiri, 1784-1835), un poeta irlandés que popularizou a balada de Mary Hynes tralo encontro que mantivo con ela un día na “Cruz de Kiltartan”. Chegados aquí, vemos que o fio levounos, polo de agora, aproximadamente dous séculos atrás; porén, debemos advertir que a mestura entre a historia real da rapaza e a historia lendaria aínda conta con outros implicados aos que iremos facendo mención.

Mais, quen é Mary Hynes? Mary Hynes foi unha moza irlandesa de gran beleza, filla dun campesiño, que viviu na aldea de Ballylee, no condado de Galway (Irlanda) durante a primeira metade do século XIX. Díciase dela que era branca como a neve, que tiña os cabelos de ouro e as meixelas rosadas, e que ninguén podía contemplala sen quedar engaiolado pola súa beleza. A pesar da pobreza da súa familia, vestía roupas ben amañadas e contaba con moitos pretendentes, que nunca foron capaces de desposala por mor da traxedia. Din que morreu nova, pouco antes do inicio da gran fame negra que arrasou o territorio e a poboación de Irlanda pola década de 1840, e converteuse na protagonista dunha lenda que foi completándose co paso do tempo, como imos ver.

## 2. TRAXECTORIA DA BALADA: ORALIDADE E ESCRITURA

Unha vez desenfada a lenda cara á súa orixe, e sendo Raftery o creador da balada de Mary Hynes, parécenos xusto aclarar o percorrido da versión recitada do poeta irlandés —sacada da

realidade, segundo afirma el mesmo— ata chegar á súa adaptación á literatura escrita. Posteriormente, presentaremos un pequeno estudo comparativo das interpretacións realizadas por Yeats e por Luz Pozo. Neste caso, a permanencia da lenda na literatura oral e a falta de verbos en papel lévannos a ter en conta dúas consideracións: por unha banda, a oralidade característica dos bardos como Raftery implicou que as súas baladas pasasen a formar parte do acervo popular e foran recollidas por outras persoas; e, por outra banda, a cegueira do bardo impedíalle deixar escrita a súa literatura oral. Por tanto, ante a dificultade de acceso aos textos da man do poeta gaélico, a primeira fonte escrita á que nos remitimos é a recompilación de folclore popular que fixeron outros persoeiros das culturas irlandesa e inglesa como Lady Gregory (Isabella Augusta Persse, 1852-1932), Douglas Hyde (1860-1949), Eleanor Hull (1860-1935) e o mesmo Yeats.

É moi probable que Yeats partira da tradución ao inglés que Lady Gregory fixera desta e doutras baladas irlandesas recollidas entre ámbolos dous a partir de 1896, data na que os dous escritores empezaron a traballar xuntos na compilación de folclore irlandés. Á súa vez, as traducións de Lady Gregory complementaron as doutros autores como o mencionado Douglas Hyde e serviron de apoio a Eleanor Hull. Esta última afirma que a tradución da popular balada feita por Lady Gregory constituíu a fonte na que Yeats se inspirara, e indica que o escritor traballou sobre ela sen facer moitas modificacións (Hull, 1912: 323). Luz Pozo, finalmente, retoma o fio da man de Yeats, e rende unha homenaxe a Mary Hynes incluíndoa no universo lírico de Iwerddon e consagrándoa como o que foi dende Raftery ata Yeats: un símbolo da beleza trágica; un destino con dúas facianas.

Por tanto, a Raftery débémolle a popularización da balada de Mary Hynes; a Lady Gregory e a Yeats, o rescate da literatura oral do bardo xunto coas traducións da súa obra, que a fixeron accesible ao público; e a Luz Pozo, a inclusión da balada no seu poemario, en favor da consolidación dunha literatura atlántica europea que, cada vez máis, chama polo seu recoñecemento.

## 3. A CANCIÓN DE RAFTERY

Comecemos, pois, coa balada que lle dedicou Raftery a Mary Hynes. Convén indicar que

todas as fontes consultadas pola nosa parte adoitan adxudicarlle 11 estrofas á canción, da que traducimos ao galego a versión castelá que aparece en *El crepúsculo celta* (Yeats, 2007: 30-31).

Cando ía eu a misa pola vontade de Deus,  
comezou a chover e o vento levantouse;  
coñecín a Mary Hynes na Cruz de Kiltartan,  
e namoreime dela aí e nese intre.

Faleille con agarimo e educación,  
como dicían que ela sempre facía;  
e díxome: “Raftery, estou tranquila,  
podes vir hoxe a Ballylee”.

Cando escoitei a súa oferta non o dubidei;  
cando se atoparon os nosos corazóns, o meu ardeu.  
Só tiñamos que atravesar os tres campos;  
iríamos coa luz do día ata Ballylee.

Estaba a mesa posta con vasos e unha botella;  
ela tiña o cabelo louro e sentou á miña beira;  
e díxome: “Bebe, Raftery, e benvido sexas,  
hai unha boa adega en Ballylee”.

Oh, estrela de luz, oh, sol de mediodía,  
oh, cabelo ambarino, oh, o meu anaco do mundo!  
Quererás vir comigo o domingo,  
ata que nos prometamos diante de todos?

Non che faltará unha canción os domingos pola tarde,  
nin ponche na mesa, nin viño, se o quixeras beber.  
Pero, oh Deus da Gloria, seca os camiños que teño diante,  
ata que atope a senda a Ballylee.

Hai un aire agradable na ladeira do outeiro,  
cando ollas cara á Ballylee;  
cando camiñas polo val recollendo noces e amoras,  
queda embebido da música dos paxaros e dos Sidhe.

De que serve a grandeza, se me falta a luz  
da flor da póla que está canda ti?  
De nada serve que o negue ou que intente ocultalo;  
ela é o sol nos ceos que feriu o meu corazón.

Non hai lugar de Irlanda ao que non viaxara,  
dende os ríos ata os cumios das montañas,  
ata a beira do Lough Greine que agocha a súa boca,  
e xamais vin fermosura coma a dela.

Refulxía o seu cabelo e as súas cellas tamén;  
o seu rostro era ela mesma; a súa boca, doce e agradable.  
Ela é a xoia, e eu entrégolle a póla;  
ela é a flor resplandecente de Ballylee.

É Mary Hynes, muller serena e natural,  
que na mente e no rostro amosa beleza.  
Nin cen escribas reunidos  
poderían anotar a metade dos seus engados.

Tras dun inicio acorde cos preceptos do Romanticismo da época, no que a natureza actúa como presaxio de algo que está a acontecer, Raftery describe como foi o seu primeiro encontro con Mary Hynes, que abondou para namorarse dela. Trala introdución, recibe da moza unha invitación á súa casa, onde o bardo describe gozo como coñeceu a adega familiar, malia que será esta a máxima aproximación á rapaza da que poida presumir. A beleza extraordinaria da “flor resplandecente de Ballylee” (tamén chamada “the Posy Bright” en Hyde, 1903: 331) mantén ameigado ao poeta gaélico, aínda que non se aprecian nesta balada –e ese é un dos puntos nos que difire doutras versións– os indicios da traxedia que está a producirse arredor da muller e dos que se achegan a ela.

Si atopamos, porén, presaxios da función que van desempeñar os elementos naturais nesta historia, xa que estes van ser determinantes no illamento de Mary Hynes; os accidentes xeográficos vanse comportar como auténticos gardas da pureza da rapaza inmaculada: hai que atopar o camiño a través de tres campos; e as sendas, cheas de lama, adoitan esconderse do pretendente. Así e todo, o canto de Raftery é unha proclamación da beleza en comunión coa natureza: flores, árbores, montes, paxaros ou astros conviven en canto harmonioso con tanta fermosura, sen que aparezan connotacións negativas polo de agora. Incluso os elementos sobrenaturais, representados polas criaturas fééricas ou Sidhe —a quen atribúen desgrazas de todo tipo— participan da celebración do bardo.

Por tanto, a parte trágica da historia virá da man das investigacións de Lady Gregory, Yeats e compañía, ao poñer en contexto as consecuencias da beleza da rapaza sobre os seus pretendentes e sobre si mesma; ao exemplificar o carácter destrutivo dunha natureza que xoga ao determinismo, escollendo o destino da humanidade; e ao mostrar a integración dos habitantes do inframundo na vida cotiá, a xeito dun realismo máxico que en realidade sempre existiu. Gustaríanos salientar que a etopea que fai Raftery de Mary Hynes, así como a prosopografía enfática da moza, subliñando entre ambas os seus trazos físicos e morais, realízanse cunha abnegación, cando menos, admi-

rable, tendo en conta que o bardo era cego. Mais, cando a cegueira impediu a contemplación da beleza?

#### 4. A MARY HYNES DE WILLIAM BUTLER YEATS

Na recreación da balada de Mary Hynes que Yeats inclúe en *The Celtic Twilight* (*El crepúsculo celta*), e que recibe o título de “Dust Hath Closed Helen’s Eyes”, xa podemos apreciar diferenzas substanciais respecto á canción do bardo. Á celebración da beleza da moza feita por Raftery, engadirá Yeats o compoñente trágico que acompañou Mary Hynes ata a súa morte.

Yeats ofrécenos un relato en prosa, narrado en primeira persoa, no que amosa ao lector a información recollida arredor da lenda da moza, e no que inclúe a canción orixinal de Raftery como testemuña principal (e que xa reproducimos no apartado anterior). Comeza a súa narración facendo referencia á localización do lugar onde oíu falar da rapaza por vez primeira: Ballylee, no condado de Galway. Un muíño con propiedades máxicas e un castelo erixense como as testemuñas da “vida de tristuras” de Mary Hynes. Como vemos, ese compoñente trágico que o bardo obviara na súa canción aparece moi cedo neste caso. Yeats describe como foi guiado polos anciáns da zona na procura dos restos da casa onde viviu a moza, da que só quedan os muros e un burato ao lado do río que aloxaba a adega á que Raftery facía referencia na súa canción.

Todos os que coñeceron a Mary Hynes coinciden en encomiar a súa beleza, e achegan anécdotas da súa vida para satisfacer a curiosidade do investigador e confirmar o meigallo que padecía a moza. Así, din dela que rexeitou once propostas de matrimonio nunha noite; que un dos seus pretendentes afogou nun encoro; que outro candidato, un dos homes máis fortes da comarca, morreu por arrefriamento tras cruzar o río para visitala; e que, finalmente, ela morreu moi nova pola febre antes da gran fame negra. Tamén se atribúe a súa morte prematura á acción sobrenatural dos Sidhe, as criaturas fééricas (habitualmente, fadas) que adoitan raptar os rapaces novos porque gustan de estar rodeados da beleza. Son moitos os aldeáns que cren que Mary Hynes foi arrebatada polos Sidhe, por mor da fermosura dos seus cabelos de

ouro, das súas meixelas rosadas e da súa pel branca como a neve; e o mesmo Yeats está convencido de que “morreu nova porque os deuses a amaban” (Yeats, 2007: 33)<sup>1</sup>.

As conclusións de Yeats aínda han dar máis de si, xa que o escritor achega unha reflexión sobre a beleza como orixe da desgraza e como causa das traxedias. Non simpatiza cos aldeáns que escusan á moza pola súa fermosura, e desconfía dela porque xa “vira bastantes cousas deste mundo” (p. 33), facendo referencia á súa relación co mundo máxico, co mundo das deidades, co embruxo dos mozos que remataban a súa vida traxicamente, igual que os mariñeiros naufragaban por causa dos cantos das sereas. Afirmo Yeats, tamén, que tanto Raftery como Mary Hynes vanse converter en “símbolos perfectos da dor da beleza e da magnificencia e a penuria dos soños” (p. 35); é dicir, a fermosura, que segundo outras testemuñas recollidas polo Nobel provén dos Sidhe, é tan danosa coma a súa proclamación. E por iso, tanto a moza como o bardo reciben un xusto castigo: a fermosa Mary Hynes morreu nova, probablemente conducida ás esferas divinas dos Sidhe; e Raftery coñeceu a fermosura, si, mais a través da súa cegueira.

Respecto ao relato no seu conxunto, que como mencionabamos antes titúlase “Dust Hath Closed Helen’s Eyes”, xa aparece na versión de 1902 de *El crepúsculo celta* e nunha revisión anterior de 1900 (na versión de 2007 que manexamos, o título é “El polvo ha cerrado los ojos de Helena”). Tamén temos constancia da súa existencia por un comentario que realiza Eleanor Hull (Hull, 1912: 323) no que afirma que Yeats xa escribira sobre a lenda nun artigo publicado na revista *The Dome* (Yeats, 1898), onde o escritor lle engadiu este singular título que faría referencia a Helena de Troia. O símil é inevitable: Helena e Mary, dúas mulleres ás que a fermosura conduciu á súa desgraza e á desgraza doutros. Yeats valida de novo a súa teoría da maldición da beleza, e aínda pódenos seguir sorprendendo, se temos en conta que o título do relato xoga á intertextualidade xa que é un verso sacado do poema “In Time of Pestilence”, do escritor isabelino Thomas Nashe (1567-1601). Na estrofa correspondente (Nashe, 1919) pódese ler:

Beauty is but a flower  
Which wrinkles will devour;  
Brightness falls from the air;  
Queens have died young and fair;

<sup>1</sup> As traducións ao galego son miñas.

Dust hath closed Helen's eye;  
I am sick, I must die?  
Lord, have mercy on us!

O poema foi escrito como reflexión sobre a inutilidade da beleza, da riqueza e do poder durante a peste negra. A democracia da morte sulga a todos por igual, e ninguén, por mor da súa fermosura —tal foi o caso de Mary Hynes— pode escapar ao fatal destino proclamado ao final: “Estou enfermo, vou morrer / Deus, ten piedade de nós!”. Se observamos os versos da estrofa máis famosa deste poema de Thomas Nashe, achamos unha lexitimación das advertencias de Yeats respecto á beleza. Cando Nashe afirma que “a beleza é só unha flor / que acaba engurrada”, ou que “morreron as raíñas novas e fermosas”, Yeats atopa unha gran fonte de inspiración que lle serviría para compoñer a súa narración trescentos anos despois. Chegados a este punto, vemos como o relato de Yeats converteuse nun mosaico de peciñas recollidas do folclore, e nunha xoia literaria que aínda vai pasar pola man lírica da escritora Luz Pozo Garza.

Porén, antes de enlazar cos poemas de Luz Pozo, queredamos destacar que a atracción de Yeats polo condado de Galway e pola aldea de Ballylee materializouse cando o poeta mercou e restaurou unha torre do século XIX —probablemente o castelo de torre cadrada preto do muíño e dos restos da casa de Mary Hynes— onde estableceu a súa residencia durante máis de dez anos, e que recibiu o nome de Thoor Ballylee. Actualmente é un museo dedicado ao máis célebre dos seus propietarios. Como curiosidade final, engadimos que a fascinación de Yeats pola lenda de Mary Hynes acompañou o escritor incluso ata o discurso que pronunciou cando recolleu o premio Nobel en 1923 e no que citou unha selección dos versos da popular canción do bardo Raftery, que xa traducimos ao galego nun apartado anterior:

O star of light and O sun in harvest,  
O amber hair, O my share of the world,  
It is Mary Hynes, the calm and easy woman,  
Has beauty in her body and in her mind<sup>2</sup>.

## 5. A MARY HYNES DE LUZ POZO GARZA

Tralo extenso percorrido realizado —dende o século XIX retrocedemos ata o XVI, e mesmo ata

a cultura grega con Helena de Troia—, non debemos pensar que xa está todo dito respecto da lenda de Mary Hynes. Unha das escritoras máis respectadas e influentes da literatura galega, Luz Pozo Garza, tamén vai achegar ás versións xa comentadas unha dose de lirismo e, sobre todo, un ritmo e unha musicalidade que botábamnos en falta na versión de Yeats, quen, así e todo, converteu a canción do bardo en relato. Os poemas de Luz Pozo sobre Mary Hynes son, pois, unha volta ás orixes musicais da balada de Raftery, un retorno á canción, á oralidade; constitúen unha devolución da música á poesía.

Luz Pozo constrúe novamente a balada de Mary Hynes facendo uso da intertextualidade que a escritora ribadense adoita practicar na súa obra. O apartado titulado “Algún cisne” inclúe un longo poema formado por seis partes numeradas nas que a poeta repasa esta historia trágica que descubriña na obra de Yeats. A narración lírica vaise levar a cabo dunha forma totalmente distinta á das outras versións: a diferenza de Raftery, quen facía de narrador-protagonista na súa canción, e de Yeats, que era un narrador testemuñal —aínda que a súa testemuña fora secundaria e posterior á morte da rapaza—, Luz Pozo diríxese a Mary Hynes directamente facendo uso de interpelacións: “¿Ai como eras rapaza?” (Pozo, 2005: 116). Por vez primeira, Mary Hynes deixa de ser un suxeito pasivo do que cada quen pode opinar, e é quen de responder, aínda que as respostas serán proporcionadas pola propia voz poética que a interpelou.

O poema está escrito a xeito de pranto e formula unha sucesión de hipóteses sobre a vida desa rapaza que era dona de tanta fermosura; en clave de conxectura, e a través da súa recreación lírica, Luz Pozo expresa o seu profundo pesar pola traxedia da moza. Convén dicir que a escritora deixa á parte a reconstrución minuciosa da historia de Mary Hynes que xa víramos en Yeats, e ademais rexeita o moralismo do irlandés, quen intenta convencer ao lector de que a beleza só é unha fonte de desgrazas. Neste caso, a poeta celebra a beleza da moza, do mesmo xeito que fixera Raftery —que non é nomeado pero si está presente nos versos da poeta—, pero incorpora o elemento trágico escondido polo bardo; e lamenta a morte dun ser que debeu ser mesmo anxelical e que non puido gozar da súa xuventude —unha postura contraria á de Yeats, quen parecía querer atribuír a morte ao exceso de fermosura.

<sup>2</sup> [http://nobelprize.org/nobel\\_prizes/literature/laureates/1923/yeats-lecture.html](http://nobelprize.org/nobel_prizes/literature/laureates/1923/yeats-lecture.html).

A reinterpretación da balada de Mary Hynes por parte de Luz Pozo consta de seis partes que imos analizar brevemente. A primeira delas comeza coa anticipación do que aconteceu: “Ai, Mary Hynes, meniña da cantiga irlandesa / que morreu inocente” (p. 113); e vai seguida dunha serie de metáforas como “Un salao na brisa / A balada purísima”, e de anécdotas do pasado que contribúen á reconstrución do relato lírico e que están baseadas na natureza: “Non houbeches amores nunha fontana fría”; “Namorabas a todos / Ibas sempre de branco como unha flor de liño”. Tamén hai referencias aos cisnes como símbolos da beleza, da pureza e da liberdade que “fuxiron” ao mesmo tempo que fuxiu a vida da moza. Estes cisnes aparecen no título do poema e, segundo se afirma na introdución de *As Arpas de Iwerddon* (Rodríguez, 2005: 29), trataríase doutra referencia intertextual ao libro de Manuel Rivas *Ningún cisne* (1989).

A segunda parte continúa coa reconstrución da historia da moza, facendo fincapé na súa beleza: “Din que foi a rapaza máis fermosa de Irlanda / máis fermosa de Irlanda” (p. 114); en clave metafórica: “Tiñas dous tornasoles nas meixelas”; coa presenza da natureza: “¿Viches unha folerpa nun espiño no inverno? / Pois así”; e facendo mención a Yeats, remata esta parte na que coincide con el no lamento da morte de Mary Hynes, aínda que, como vimos, ámbolos dous poetas lamentan cousas distintas: o irlandés, a beleza destrutiva, e a ribadense, a beleza tráxica, efémera.

Na terceira parte do poema, aparecen as interpelacións que fai a poeta a Mary Hynes: “¿Ai como eras?” (p. 115), unha pregunta que Luz Pozo vai respondendo a través de metáforas como as xa comentadas. A natureza volve representar a mesma función tráxica e protectora que xa víamos en Raftery e mais en Yeats, ao preservar a pureza de Mary Hynes das intencións alleas: “Aquel que contemplase a Mary Hynes por perdidos carreiros / ardería en beleza en chama viva. Ardería. Ardería”; “Meu Deus seca os lameiros / para atopar a senda de Ballylee”. As hipóteses volven na parte cuarta do poema, onde a poeta formula as súas conxecturas debuxándoas en forma de comparación cos animais, símbolos da natureza e mais da naturalidade: “Terías Mary Hynes o devezo das cervas” (p. 116); “Recollías nas mans o soño puro das laverças”.

A fugacidade da vida da rapaza é o eixo da quinta parte do poema. Os cisnes abandeados da beleza roldan Ballylee, pero a traxedia tamén, e caen os homes que morreron “na maldita enxurra-

da por ver a Mary Hynes”, igual que cae a rapaza en mans dun destino cruel que apenas lle deixou gozar da mocidade. A aceptación resignada de Luz Pozo ante estes acontecementos pasados vén expresada pola frase “Dust Hath Closed Helen’s Eyes” (O po pechou os ollos de Helena), malia engadiren a poeta o seu rexeitamento da traxedia da moza: “insolencia da terra / atreverse a cegar os ollos de tanta fermosura (p. 117)”. O pranto remata na parte derradeira, a sexta, coa música da arpa gaélica; coa mesma interpelación sen resposta “Ai como eras”; e coa fuxida dos cisnes na aurora, do mesmo xeito que fuxiu a vida da rapaza, e con ela, a súa fermosura, os seus soños, a súa xuventude e o seu misterio. Porén, coa súa morte, naceu a lenda. É o paradoxo da morte da que nace a vida, a lenda viva de Mary Hynes, que Luz Pozo perpetúa.

## 6. CONCLUSIÓNS

Probablemente, a Mary Hynes que o bardo cego Raftery admirara —máis co seu corazón que cos seus ollos— non tivera chegado a nós sen o esforzo de tantas persoas decididas a convertela nun paradigma da beleza. Para o bardo, a fermosura da moza e o seu encontro con ela foi, simplemente, un motivo de celebración. E a el debémolle a popularización da balada. Para Yeats, como vimos, a historia de Mary Hynes é un claro exemplo da dor que causa a beleza; porén, á súa fascinación pola moza debémolle a completa compilación folclórica que levou a cabo. Luz Pozo, pola súa banda, chora pola fugacidade da vida e da beleza, pola morte prematura da rapaciña, a quen rende a súa particular homenaxe; e agradecémolle que poetizase a lenda novamente, e que achegase unha alternativa ao relato prosificado por Yeats.

Pretendemos demostrar nesta análise que a poeta ribadense devolveu a balada de Mary Hynes ao seu ser; é dicir, devolveulle ao relato de Yeats —que foi a súa fonte primaria— a musicalidade propia dunha canción recitada por un bardo —que á súa vez, fora a fonte primaria do Nobel irlandés—. Neste vaivén, non hai dúbida de que a gran beneficiada foi a lenda da moza, ademais dos lectores, que podemos gozar do percorrido dunha das máis fermosas historias do folclore irlandés. Tamén temos que agradecer a Luz Pozo que trouxera a balada irlandesa á literatura galega, trazando dese xeito unha ponte galego-irlandesa que elimina as fronteiras da cultura da Europa atlántica.

ca e colabora no enriquecemento da nosa cultura galega, que dese xeito é cada vez máis universal.

Quizais teñamos a sensación de que Mary Hynes quedou inscrita na nómina de mulleres “malditas” que conduciron os seus pobos á traxedia e que foron rexeitadas ou compadecidas por aqueles que as xulgaron moralmente, por causa das súas accións e das súas características físicas ou psicolóxicas. Algúns exemplos desta listaxe negra serían: Eva no Xénese da Biblia; Helena de Troia ou Pandora na mitoloxía grega; ou Cathleen Ní Houlihan no folclore irlandés. Mais a nosa sensación, tralo estudo da balada de Mary Hynes, é ben diferente.

Podémonos quedar coa versión festiva de Raftery, co relato moralista de Yeats ou coa recre-

ación lírica de Luz Pozo; ou mesmo, se quixéramos, coa versión musicada de Mary Hynes que aparece na obra chamada *Reincarnations* (1936; 1940) realizada polo músico estadounidense Samuel Barber (1910-1981). Hai onde elixir, e precisamente aí reside a grandeza da balada, con independencia do intérprete e da interpretación. A nosa sensación, como dicíamos, non puido ser mellor tralo estudo da lenda de Mary Hynes, porque decatámonos de que a literatura pódeo todo: suscitar opinións, achegar culturas, construír relacións, enriquecer o noso intelecto e facernos gozar da vida e das persoas; esas persoas que semellan máis interesantes cando son debuxadas pola literatura e convertidas en mitos, como a nosa Mary Hynes.

## 7. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- GREGORY, Lady (ed.) (1903): *Poets and Dreamers: Studies and Translations from the Irish*. Dublín: Hodges, Figgis & Co.
- HULL, Eleanor (ed.) (1912): *The Poem-Book of the Gael*, Londres: Chatto & Windus.
- HYDE, Douglas (ed.) (1903): *Songs Ascribed to Raftery*, Dublín: Gill, pp. 325-333.
- JARAZO ÁLVAREZ, Rubén (2007): “Incidencia de la literatura irlandesa medieval en la periferia española”, *Garoza*, 7, pp. 147-162.
- NASHE, Thomas (1919) [1600]: “In Time of Pestilence”, en Arthur Quiller-Couch (ed.), *The Oxford Book of English Verse: 1250-1900*. Oxford: Clarendon.
- POZO GARZA, Luz (2005): “Algún cisne”, en *As Arpas de Iwerddon*. Ourense: Linteo, pp. 111-117.
- (2004): *Memoria solar. Obra poética*. Introducción de Carmen Blanco. Ourense: Linteo.
- RAFTERY, Anthony (1903): “Mary Hynes or the Posy Bright”, en Douglas Hyde (ed.), *Songs Ascribed to Raftery*. Dublín: Gill.
- (1912): “Dust Hath Closed Helen’s Eye”, en Eleanor Hull (ed.), *The Poem-Book of the Gael*. Londres: Chatto & Windus, pp. 321-323.
- (1919): “Raftery’s Praise of Mary Hynes”, en Lady Gregory (ed.) *The Kiltartan Poetry Book*. Londres y Nueva York: G. P. Putnam’s Sons, pp. 31-33.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Olivia (2005): “Introducción”, en Luz Pozo Garza, *As Arpas de Iwerddon*. Ourense: Linteo, pp. 9-38.
- YEATS, William Butler (1893, rev. 1902): *The Celtic Twilight*. Londres: Lawrence & Bullen.
- (1898): “Dust Hath Closed Helen’s Eyes”, *The Dome: a quarterly containing examples of all the arts*, vol. IV, pp. 161-?
- (2007) [1902]: “El polvo ha cerrado los ojos de Helena”, en *El crepúsculo celta*. Barcelona: Obelisco, pp. 28-35.